

Titulación

Código: G3111V01 **Nome:** Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L] **Data publicación BOE:** 29/09/2011

Contido

Código: G3111326 **Nome:** Dereito Tributario **Ano Académico :** 2023/2024

Créditos ECTS: 6.00

Carácter: Obrigatorio **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao/Máster

Datas de Aprobación

Data aprobación Dereito Público Especial e da Empresa: 25/05/2023

Profesorado do Contido

Nome	Categoría	Función
Pardo Rodríguez, Lourdes		Profesor/a

Obxectivos da materia

- Afondamento no sistema conceptual propio do Dereito Tributario.
- Estudo da problemática específica da aplicación do Tributo: manexo das categorías tributarias.
- Coñecemento das fontes para:
 - o Argumentar loxicamente
 - o Afondar no coñecemento
 - o Actualizar e autoxestionar o propio coñecemento
- Interrelación do Dereito Tributario co resto do ordenamento, sinaladamente neste eido co Dereito Público.
- Formación de valores universais

Contidos

PROGRAMA

Lección 1. Concepto, obxecto e autonomía.

- 1.- A actividade financeira e a ciencia xurídica. Disciplinas que a estudan: a economía financeira, o dereito financeiro.
- 2.- O dereito financeiro: concepto, obxecto e contido
- 3.- Autonomía do dereito financeiro
- 4.- O dereito tributario

Lección 2. As fontes do Dereito Financeiro e Tributario.

- 1.- A Constitución: o seu valor normativo.
- 2.- Os tratados internacionais e o dereito supranacional.
- 3.- A lei: lei orgánica, lei ordinaria. Leis codificadoras do Dereito Tributario: a Lei Xeral Tributaria. O principio de legalidade e a reserva de lei.
- 4.- O decreto-lei.
- 5.- Lexislación delegada.
- 6.- O regulamento
- 7.- Outras fontes

Lección 3. Aplicación e interpretación das normas tributarias.

- 1.-Eficacia da norma tributaria no espazo.

- 2.- Eficacia da norma tributaria no tempo. A retroactividade e os seus límites.
- 3.- Interpretación.
- 4.- Integración: analoxía.
- 5.- Simulación.
- 6.- Conflito na aplicación da norma tributaria]

Lección 4. Principios constitucionais de xustiza tributaria

- Principio de capacidade económica
- Principio de progresividade e non confiscatoriedade.
- Principio de igualdade e xeneralidade.
- Outros principios.

Lección 5. O poder financeiro dos entes territoriais.

- O poder financeiro do Estado
- O poder financeiro das Comunidades Autónomas
- O poder financeiro das Corporacións Locais
- O poder financeiro da Unión Europea.

Lección 6. Os ingresos públicos.

- 1.- Os ingresos públicos: caracterización.
- 2.- Ingresos de dereito público/ingresos de dereito privado
- 3.- Ingresos tributarios/ingresos non tributarios

Lección 7.- Categorias tributarias

- 1.- Categorias tributarias.
- 2.- O imposto: concepto e clases.
- 3.- Contribucións especiais: concepto, caracteres e réxime xurídico.
- 3.- A taxa: concepto e réxime xurídico.
- 4.- Exaccións parafiscais: concepto, caracteres, evolución e situación actual.

Lección 8. Relación xurídico- tributaria e obriga tributaria.

- 1.- A relación xurídico- tributaria e a obriga tributaria.
- 2.- Nacemento da obriga tributaria.
- 3.- O feito impositivo: concepto, e elementos.
- 4.- Exención e non suxeición.

Lección 9. Suxeitos da obriga tributaria. (I)

- 1.- Suxeitos activos.
- 2.- Suxeitos pasivos.
- 3.- Capacidade xurídica e capacidade de obrar tributaria.
- 4.- Representación.
- 5.- Domicilio fiscal.

Lección 10.- Suxeitos da obriga tributaria. (II).

- 1.- O contribuínte. Solidariedade por cotitularidade.
- 2.- A substitución.
- 3.- A responsabilidade tributaria.
- 4.- A sucesión en dereito tributario

Lección 11. Cuantificación da obriga tributaria.

- 1.- Cuantificación: tributos fixos e variables
- 2.- Base impositiva: concepto, modalidades e réximes de determinación.
- 3.- Base liquidable.
- 4.- Tipo de gravame: concepto e modalidades.
- 5.- Cota tributaria.
- 6.- Débeda tributaria.

Lección 12.- Extinción da obriga tributaria.

- 1.- Extinción da obriga: causas.
- 2.- O pagamento: concepto e réxime xurídico.
- 3.- Prescrición.
- 4.- Outras causas de extinción.
- 5.- Garantías do crédito tributario.

Lección 13.- Procedementos tributarios.

- 1.-A organización administrativo-tributaria: a Axencia Estatal da Administración Tributaria e o Consello para a Defensa do Contribuínte.
- 2.- Información e asistencia ós obrigados tributarios. A colaboración social na aplicación dos tributos.

- 3.-Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios
- 4.- Actuacións e procedementos de xestión tributaria
- 5.-O procedemento inspector.
- 6.- A recadación tributaria.
- 7.- Infraccións tributarias e procedemento sancionador.
- 8.- Revisión dos actos de natureza tributaria.

MATERIAS AFÍNS
 Facenda Pública
 Dereito Administraivo
 Dereito Civil
 Dereito Mercantil

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica e complementaria.

- MENÉNDEZ MORENO, A., Derecho Financiero y Tributario, Parte general, Lecciones de Cátedra, Lex Nova, última edición.
- FERREIRO LAPATZA, J. J., Derecho Tributario. Parte General. (Teoría general del tributo. Obligaciones. Procedimiento. Sanciones), Marcial Pons, Madrid-Barcelona, última edición.
- CASADO OLLERO, LOZANO SERRANO, MARTÍN QUERALT e TEJERIZO LÓPEZ, Curso de Derecho Financiero y Tributario, Tecnos, Madrid, última edición
- PÉREZ ROYO, F., Derecho Financiero y Tributario. Parte General, Civitas, Madrid, última edición

Coleccións legislativas: calquera delas, sempre que estean actualizadas

- Código Tributario, Aranzadi, Pamplona
- Derecho Financiero y Tributario. Normas básicas, Lex Nova, Valladolid
- Derecho Financiero y Tributario, Ariel, Madrid.

Algunhas direccións de interese:

- <http://www.agenciatributaria.es/> Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- <http://www.boe.es/> Boletín Oficial do Estado.
- <http://www.tribunalconstitucional.es/>. Tribunal Constitucional.
- <http://www.aedaf.es/> Asociación Española de Asesores Fiscales.
- <http://www.europa.eu.int/> Información sobre a Unión Europea
- <http://www.europa.eu.int/eur-lex/es/index.html> Repertorio de Dereito da Unión Europea

Competencias

Obxectivos relacionados cos novos coñecementos.

- Acercamento ao sistema conceptual propio do Dereito Financeiro e Tributario, especialmente na vertente do Dereito Tributario
- Estudio da problemática específica da aplicación do Dereito Financeiro e Tributario.
- Coñecemento do réxime normativo das categorías tributarias.
- Aplicación das categorías xerais do Dereito Financeiro e tributario.
- Resolución de problemas derivados das fontes e o réxime xurídico xeral dos tributos.
- Coñecemento do réxime normativo da obriga tributaria.

Obxectivos relacionados co dominio de certas ferramentas de aprendizaxe ou de formación (xenéricas)

- Coñecemento das fontes para:
 - o Argumentar loxicamente.
 - o Profundar no coñecemento.
 - o Actualizar e autoxestionar o propio coñecemento.
- Plasmación práctica das solucións aos problemas (Escritos, formularios, etc.)
- Interrelación do Dereito Financeiro e Tributario co resto do ordenamento.

Obxectivos vinculados a valores ou actitudes importantes en función da materia ou do seu sentido no plano de estudos:

- Coñecemento dos conceptos básicos do Dereito tributario.
- Manexo dos textos normativos para a resolución de casos prácticos.
- Manexo das ferramentas informáticas coma instrumento de traballo.
- Análise crítica das normas e principais resolucións xurisprudenciais obxecto de estudo

Metodoloxía da ensinanza

Teoría e actividades interactivas segundo o calendario. Nas horas teóricas abordarase os problemas esenciais das diversas cuestións básicas da disciplina e nas horas interactivas afondarase nos aspectos concretos a través da solución de diversos casos prácticos, da presentación de traballos e da realización de actividades grupais que permitan aproximarse á realidade da aplicación práctica dos distintos impostos estudados; ao mesmo tempo que se realizan as súas liquidacións e se cualifican xuridicamente os diversos supostos de feito presentados.

Como complemento á actividade docente presencial ofrecerase un aula virtual na que os alumnos atoparán materiais de estudo complementarios, actividades adicionais para axudar á comprensión da materia, autoevaluacións do seu grao de coñecemento da asignatura, etc.

Sistema de avaliación da aprendizaxe

A AVALIACIÓN Realizarase combinando os seguintes criterios:

- Asistencia participativa
- Participación en debates ou resolución de cuestións expostas polo profesor
- Desenvolvemento e presentación de traballos
- Proba de contidos teóricos

En canto a valoración de cada unha das actividades realizadas polo estudante, para outorgar a cualificación final, fíxase o seguinte baremo:

1. Exame final: 7 puntos
2. Actividades das clases interactivas: 3 puntos. Nelas valorarase:
 - Participación activa, de xeito oral, nas aulas interactivas, e exercicios de autoavaliación.
 - Valoración dos traballos entregados ao profesor e elaborados para a resolución dos casos propostos nas aulas interactivas.
 - Realización de test ou actividades no campus virtual
 - A asistencia ás interactivas é obrigatoria, agás nos casos de exención de docencia.

En todo caso, para aprobar será requisito superar tanto o exame como a avaliación das restantes actividades, así como asistir, cando menos, ao 80 % das clases, salvo casos de exención de docencia aprobados pola Xunta de Facultade.

Cando por coincidencia de datas de exames ou por outras causas algún alumno teña dificultades para a realización do exame final nas datas estipuladas polo Centro, poderá optar por realizar un exame oral, que se desenvolverá consonte á normativa xeral de avaliación do rendemento académico, e que necesariamente terá lugar nunha data anterior á fixada para o exame final.

Contéplase tamén a posibilidade de que se o profesor así o propón, e de xeito voluntario, se poda seguir un sistema de avaliación continuada.

Réxime de avaliación para os alumnos con exención de docencia

Aqueles alumnos que obteñan o recoñecemento oficial da exención de docencia conforme aos procedementos normativamente previstos, realizarán o mesmo exame e co mesmo valor que os restantes alumnos (7 puntos). Polo que fai á avaliación das actividades desenvolvidas nas clases interactivas presenciais e á valoración global da actividade do alumno (3 puntos), realizarase a través da resolución dun o varios supostos prácticos que se incluírán como parte do exame (outorgando, de ser o caso, tempo suplementario para a súa resolución). Debe terse en conta que esta norma só se aplica a quen obteña o recoñecemento da exención de docencia e non se configura como un sistema alternativo para que, sen tal recoñecemento, non asista e realice as actividades da docencia interactiva presencial.

Aos efectos da Normativa de Permanencia da USC, son actividades académicas avaliábeis o exame final, a participación activa nas clases interactivas e, no seu caso, a presentación de traballos.

De cara á segunda oportunidade, os alumnos que sen ter exención de docencia non teñan superado a cualificación mínima requirida na parte interactiva poderán recuperar esa parte a través da realización no exame da segunda oportunidade dun ou varios supostos prácticos (outorgando, de ser o caso, tempo suplementario para a súa resolución).

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala

Créditos ECTS
Créditos ECTS: 6.00
Total: 6.0
Horas ECTS
Clase Expositiva: 30.00
Clase Interactiva: 18.00
Horas de Titorías: 3.00
Total: 51.0

Tempo total de estudo recomendado: 60 horas teóricas e 36 prácticas.

Recomendacións para o estudo da materia

Recoméndase o estudo diario da materia –vinculando a asimilación de conceptos á súa explicación nas clases– e, tamen, a resolución dos diversos casos prácticos, que permitan ao alumno contrastar –case coma un sistema de autoavaliación– o nivel de comprensión acadado. De igual xeito, é altamente recomendable o recurso ás titorías para aclarar conceptos e resolver problemas.

Observacións

As clases impartiránse en castelán ou galego.